

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE MAIO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00023662H.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de maio.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00018036P.

Licenza para a rehabilitación de edificación entre medianeiras para o uso de vivenda familiar na rúa Campo do Cruceiro do Gaio, 16.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 11/04/2023 e a Adenda 1 achegada na data 26/06/2023 e o proxecto de execución de data de visado do 25/03/2024 redactados polo arquitecto Roque Álvarez Arosa, cun orzamento de execución material de 220.019,26 €, a rehabilitación de edificación entre medianeiras para o uso de vivenda familiar na rúa Campo do Cruceiro do Gaio, 16 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00021768X.

Licenza de obras de conservación no edificio situado na rúa do Cruceiro do Gaio, 4.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage presentado na data 05/07/2023, cun orzamento de execución material de 23.400,00 €, obras de conservación no edificio situado na rúa do Cruceiro do Gaio, 4 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00038902J.

Aceptar cesión de viario e licenza legalización de obras en edificio existente na rúa Seoane, 2.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 27/12/2023, outorgada ante o notario don Marcelino Estévez Suárez, co número de protocolo 1760. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polos arquitectos Salomé Fernández Liste e Eloy Cambón García de data de visado do 28/10/2022 e documentación presentada o 24/01/2024, cun orzamento de execución material de 23.364,77 €, a legalización de obras en edificación existente sita na rúa Seoane, 2 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00034130Y.

Licenza para a execución de piscina en Lg Tras Igrexa.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado pola arquitecta técnica Lorena Constenla Fontenla presentado na data 09/05/2022 e a documentación do 02/09/2022 e o 22/12/2023, cun orzamento de execución material de 8.800,00 €, a execución dunha piscina na parcela sita no Lugar Tras Igrexa Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00023716A.

Licenza de legalización das vivendas executadas na primeira planta do edificio

sito na avda Rosalía de Castro 63.

Acórdase conceder segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage presentado o 18/11/2021 e documentación aportada o 24/05/2022, 27/09/2022 21/08/2023 e o 16/04/2024, cun orzamento de execución material de 67.566,43 €, licenza de legalización das vivendas executadas na primeira planta do edificio sito na avda Rosalía de Castro 63 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00021843C.

Aceptar a cesión de viario e licenza para a construción de vivenda familiar illada na finca no Lg Corexo,51.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 25/01/2024, outorgada ante o notario don José Manuel Amigo Vázquez, co número de protocolo 237.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico visado o 02/05/2023 e documentación anexa 2 Visado 01.12.2023 e o proxecto de execucion visado o 28/12/2023 redactados polas Arquitectas Patricia Montes Andrés e Carmen Boedo Blanco, cun orzamento de execución material de 137.390,75 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na finca no lugar Corexo, 51 Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00025393M.

Licenza para a instalación dun ascensor no CEIP Arquitecto Casas Novoa na Sionlla de Abaixo,10 parroquia de San Cristovo de Enfesta.

Acórdase conceder á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fernando Ruibal Segade o 05/04/2023, cun orzamento de execución material de 58.338,64 €, a instalación dun ascensor no CEIP Arquitecto Casas Novoa na Sionlla de Abaixo,10 parroquia de San Cristovo de Enfesta Santiago de Compostela (A Coruña).

9. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2022/00049455J.

Proxecto de expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM. Corrección superficie total parcela nº 1.

Acórdase corrixir o erro detectado ao reflectir a superficie catastral total da parcela nº 1 do Proxecto de expropiación, de xeito que onde di: superficie catastral: 6.900 m² debe dicir: superficie catastral: 7.209 m². Esta rectificación non altera a superficie da parcela obxecto de expropiación (parcela nº 1 do proxecto expropiatorio), que é de 2.703 m².

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00016419C.

Aprobación do expediente das Obras de execución do proxecto de "Pavimentación da Rúa das Baleixas (Marrozos)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación das Obras de execución do proxecto de "Pavimentación da Rúa das Baleixas (Marrozos)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023 cun orzamento base de licitación de 47.231,83 € (base imponible de 39.034,57 € máis IVE do 21% polo importe de 8.197,26 €).



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP.

Terceiro: Autorizar un gasto total por importe de 47.231,83 € que se imputa á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (Código de proxecto: 2023 2 PPROV 35 2).

11. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00022101K.

Acordo da XGL de aprobación da certificación final das obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022 en Santiago de Compostela, expedida por “MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por un importe de 36.112,41 euros, IVE engadido.

Acórdase aprobar a certificación final das obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022 en Santiago de Compostela, expedida por “MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por un importe de 36.112,41 euros, IVE engadido.

12. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00055319N.

Aprobación da certificación 3 FINAL da obra “Pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Vilvestro) e San Xordo e A Sionlla (Sabugueira)”.

Acórdase:

1. Aprobar a certificación 3 FINAL da obra “Pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Vilvestro) e San Xordo e A Sionlla (Sabugueira)”.
2. Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación número 3 FINAL da obra “Pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Vilvestro) e San Xordo e A Sionlla (Sabugueira). coa correspondente factura número F/2023/5990 por importe de 9.752,96 euros, IVE incluído, expedida pola empresa OVIGA, S.L.

13. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00022453M.

Acordar a continuidade na prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros e aprobación do orzamento para o ano 2024.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Acordar a continuidade na prestación do servizo derivado do contrato de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa entidade Autobuses Urbanos de Lugo y TRAP. S.A. UTE Lei 18/1982, nos mesmos termos que foron pactados mediato o contrato de data 15 de febreiro de 2006, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato e o inicio da prestación.

SEGUNDO.- Aprobar o orzamento do transporte urbano de viaxeiros para o ano 2024, segundos datos sinalados no informe de TUSSA transcrito neste acordo, cos seus anexos.

TERCEIRO.- Aprobar, en base a isto, o importe da compensación anual a percibir pola entidade operadora do servizo, entidade Autobuses Urbanos de Lugo y TRAP. S.A. UTE Lei 18/1982, segundo o orzamento, é de 6.020.651,67 €.

En base a isto a entidade recibirá como pagos a conta mensualmente a doceava parte do 90% da compensación anual autorizada, polo que o Concello de Santiago abonaralle á entidade operadora once pagos mensuais de 501.720,97 € e o último pago de 501.721,00 €.

14. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2024/00018433X.

Declarar o dereito de VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

SAU, en execución da sentenza ditada no PO 304/2017 do Xulgado C-A nº1 de Santiago de Compostela (EJD 41/2023 CA1-PO 304/2017 CA1 AUTO 05.10.2022). |

Acórdase: |

1. Declarar o dereito de VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU, en execución da sentenza ditada no PO 304/2017 do Xulgado C-A nº1 de Santiago de Compostela (EJD 41/2023 CA1-PO 304/2017 CA1 AUTO 05.10.2022), a percibir unha compensación polos maiores custos derivados da explotación da ampliación da EDAR de Silvouta ordeada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 25 de novembro do 2016. A cantidade a percibir por VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU corresponde a gastos vindicados en exercicios anteriores ao de 2024 e o seu importe fíxase en 310.937,60 euros.
2. Que se realicen os trámites necesarios para habilitar crédito axeitado e suficiente para o recoñecemento da obriga e para proceder ao seu pagamento. |

15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00018636Y.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (PROGRAMA SEMUS COMPOSTELA) pola contía de 100.000,00 € |

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (PROGRAMA SEMUS COMPOSTELA) pola contía de 100.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800014, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII). |

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00018222Y.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (PROGRAMAS: TELEASISTENCIA + SEN FOGAR) pola contía de 85.000,00 €. |

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (PROGRAMAS: TELEASISTENCIA + SEN FOGAR) pola contía de 85.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800015, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII). |

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00018152M.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Escola de Tempo Libre Don Bosco, pola contía de 5.000,00 € |

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Escola de Tempo Libre Don Bosco, pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800016, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII) |

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00017933Q.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de

Compostela pola contía de 2.000,00 €.

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela pola contía de 2.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800022, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024-artigos 31, 32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII, favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2024.]

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00018508Q.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela pola contía de 120.000,00 €]

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela pola contía de 120.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800012, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).]

20. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00000111L.

Aprobación da concesión dos premios do Entroido 2024]

Acórdase aprobar da concesión dos premios en base á acta do xurado do Concurso de Entroido 2024 ás entidades e persoas que a continuación se relacionan, indicándose o importe a retribuír:

| Premio | Nome | % | Importe |
|------------------------------|---|-----|---------|
| 1º Premio carrozas | Asociación Veciñal A Carballeira de Chaián | 100 | 2.500 € |
| 2º Premio carrozas | Asociación Cultural Mar de Fondo | 100 | 1.500 € |
| 3º Premio carrozas | Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (Aspas) | 100 | 1.000 € |
| 1º Premio comparsas | Asociación Veciñal A Carballeira de Chaián | 100 | 2.000 € |
| 2º Premio comparsas | Asociación de Veciños Conxo Aberto | 100 | 1.500 € |
| 3º Premio comparsas | Escuelas de La Inmaculada Concepción | 100 | 1.000 € |
| 1º Premio comparsas Santiago | Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (Aspas) | 100 | 1.200 € |
| 2º Premio comparsas Santiago | Asociación Cultural Recreativa Deportiva de Laraño A Ruliña | 100 | 600 € |

| Premio | Nome | % | Importe |
|------------------------------|--------------------------------|-----|---------|
| 3º Premio comparsas Santiago | Asociación Cultural Pena Maior | 100 | 400 € |
| 1º Premio parella | Francisco Javier Otero Pérez | 100 | 300 € |
| 1º Premio individual | Daniel Campos Rodríguez | 100 | 300 € |
| 2º Premio individuais | Begoña Moreira España | 100 | 200 € |
| 3º Premio individuais | David Pereira Sánchez | 100 | 100 € |
| 1º Premio Grupo | Uxío Cardero Castro | 100 | 700 € |
| 2º Premio Grupo | Yenny Rodríguez Alonso | 100 | 400 € |
| 3º Premio Grupo | Diana Carolina Gómez Suárez | 100 | 200 € |

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00023196N.

Tomar coñecemento do auto recaído no PA 412/2023 CA1 sobre desestimación por silencio de solicitude de licenza de obras para demolición de nave e construción de gasoleira

Resolución: Auto nº 58/2024 do 16 de abril do 2024

Procedemento: Procedemento Ordinario 412/2023 Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Obxecto: Desestimación por silencio de solicitude de licenza de obras para demolición de nave e construción de gasoleira.

O Auto declara a desistencia da demandante do citado recurso con imposición das custas á actora nun máximo de 200 euros xa que a petición formulouse logo das contestacións á demanda e se basea nun informe desfavorable da administración sectorial.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial.
2. Remitila ao Departamento de urbanismo-licenzas de apertura, para os efectos do seu coñecemento.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013476K.

Tomar coñecemento do Auto ditado no PA 177/2024 CA2. Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIV Resolución: Auto nº 86/2024 do 16.05.2024.

Procedemento: Procedemento Abreviado 177/2024 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Obxecto: desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).

O Auto declara terminado o presente procedemento por mor do recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da demandante e ordena o arquivo das actuacións.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Contra dito Auto cabe interpor recurso de reposición que non impedirá que se leve a cabo o nel acordado.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao DTNU. |

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013727L.

Tomar coñecemento do auto recaído no PA 178/2024 CA2 sobre desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU. |

Resolución: Auto nº 84/2024 do 16.05.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 178/2024 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Obxecto: desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU). O Auto declara terminado o presente procedemento por mor do recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da demandante e ordena o arquivo das actuacións.

Contra dito Auto cabe interpor recurso de reposición que non impedirá que se leve a cabo o nel acordado.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de xestión tributaria para os efectos do seu coñecemento.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013489B.

Tomar coñecemento do Auto recaído no PA 175/2024 CA2. Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU. |

Resolución: Auto nº 83/2024 do 16.05.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 175/2024 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU.

O Auto declara terminado o presente procedemento por mor do recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da demandante e ordena o arquivo das actuacións.

Contra dito Auto cabe interpor recurso de reposición que non impedirá que se leve a cabo o nel acordado.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de xestión tributaria para os efectos do seu coñecemento.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013209F.

Tomar coñecemento do Auto recaído no PA 166/2024 CA2. Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU. |

Resolución: Auto nº 71/2024 do 18.04.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 166/2024 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Obxecto: desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU. O Auto Declara terminado o presente

procedemento por mor do recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da demandante e ordena o arquivo das actuacións.

Contra dito Auto cabe interpor recurso de reposición que non impedirá que se leve a cabo o nel acordado.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de xestión tributaria para os efectos do seu coñecemento.

26. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00023662H.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 16 e o 23 de maio de 2023.

URXENCIAS

1. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00021889C.

Aprobación da certificación final da obra "Acondicionamento do Camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo", cun importe de 17.229,87 €. Trátase dunha obra do POS+ 2021.

Acórdase:

1. Aprobar a certificación 7 FINAL da obra de "Acondicionamento do camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo (Quintáns – Villestro)"
2. Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación número 7 FINAL da obra "Acondicionamento do camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo (Quintáns – Villestro), coa correspondente factura número F/2024/853 por importe de 17.229,87 euros, IVE incluído, expedida pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

2. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00000388C.

Aprobación dunha "continxentación" (sic) especial para aumentar o número de licenzas de taxi.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Rexeitar as alegacións presentadas en relación coa aprobación do estudio de mobilidade para a tramitación dunha continxentación específica do número de licenzas de taxi do Concello de Santiago, en base ás consideracións expostas nesta proposta.

SEGUNDO.- Aprobar o estudio de mobilidade para tramitación dunha continxentación específica do número de licenzas de taxi no Concello de Santiago.

TERCEIRO.- Acordar a remisión da proposta contida no estudio de mobilidade e o expediente á Consellería competente en materia de transporte, para que emita informe preceptivo e vinculante, que terá que ser evacuado no prazo máximo de tres meses, antes da adopción da resolución que proceda, por parte do Concello de Santiago, a respecto do número máximo de licenzas de taxi no seu ámbito territorial

3. DEPORTES. Referencia: 2024/00022380R.

Aprobación da convocatoria e bases reguladoras das subvencións para o deporte federado 2024. O importe destinado a estas axudas ascende a 330.000 €.

Acórdase aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao fomento do deporte federado, ano 2024, para a que se establece unha consignación económica por valor de 330.000 euros, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 070 34100 4890100/2024.

4. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00016209V.

Toma de coñecemento da sinatura do convenio con AGADEA para a concesión dunha subvención nominativa.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (AGADEA) de data 24/05/2024 para o financiamento do “Programa GEA-Grupo de Envellecemento Activo (Grupo 1) ” pola contía de TRES MIL EUROS (3.000 €)”.

5. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00015818V.

Toma de coñecemento da sinatura do convenio con ASPAS para a concesión dunha subvención nominativa.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidade Intelectual (ASPAS) de data 24/05/2024 para o financiamento do “Programa de Respiro e/ou Emerxencia Familiar” pola contía de SEIS MIL EUROS (6.000 €).

6. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00016497Y

Toma de coñecemento da sinatura do convenio coa Cociña Económica para a concesión dunha subvención nominativa.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cocina Económica de Santiago de data 24/05/2024 para o financiamento do “Programa para garantir as necesidades de manutención básica a persoas sen recursos do ano 2024 da Cocina Económica de Santiago” pola contía de SESENTA MIL EUROS (60.000 €).